

1. IDENTIFICACIÓN					
Título da UD	«En Galicia, en galego!».				
Etapa	EDUCACIÓN PRIMARIA.	Área	Educación artística (Educación Musical).	Nivel	6º
Mestres	Educación Musical. Ciencias Sociais. Valores Sociais e Cívicos. Lingua Galega e Literatura.				
Centro de interese	Música popular urbana galega.	Proxecto	«Festival e exposición Letras Galegas».		
Descrición					
Nesta unidade o alumnado vai tocar con toda a orquestra escolar e coas frautas; tamén cantará sobre soportes diversos pregravados, empregando como base secuencias informáticas e arquivos de audio sampleados, así como gravacións orixinais					
Xustificación					
<p>O alumnado chega a este curso coñecendo os diferentes xéneros e tipos propios da música tradicional galega en diferentes opcións (étnica, folk, tradicional...), se ben fixo unha pequena incursión a sonoridades máis actuais nos cursos anteriores (no anterior curso, co proxecto «Construíndo o noso Maio», no que crearon letras para músicas propostas e, relacionada coa literatura culta e dentro das actividades da «Semana das Letras Galegas», incidindo tanto no coñecemento dos poetas do Rexurdimento como na música medieval). Neste curso, no que remata a etapa da Educación primaria e dispónse a afrontar estudos de maior profundidade conceptual, faise preciso desenvolver no alumnado criterios de escoita que lle permitan interesarse por músicas máis próximas aos seus intereses, con vista a ampliar e diversificar os seus gustos musicais.</p> <p>Esta UDI ten como centro de interese a música actual. Preténdese ofrecer un percorrido pola historia das músicas populares urbanas galegas, con especial atención ao folk, idónea para discentes que están a desenvolver e ampliar as súas preferencias musicais nunha etapa de procura persoal propia da preadolescencia. Traballárase como elemento transversal a educación do consumidor e a ocupación do tempo de lecer, partindo das diversas opcións existentes nas tipoloxías das músicas populares galegas: folk, jazz, rock, bravú, etc.</p>					
Contexto					
As datas de maio teñen unha forte consideración no alumnado, polas festividades relacionados cos Maíos e a Santa Cruz (dependendo das zonas de que se trate) e a globalización que viven arredor da conmemoración das Letras Galegas. Aproveitando todo isto, e considerando a atención do currículo de 6º en relación á escucha de músicas patrimoniais e contemporáneas, o aprendido nesta unidade posibilita a participación dos e das discentes no Festival de Letras Galegas, interpretando pezas das aprendidas nela.					



2. CONCRECIÓN CURRICULAR

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comptn.
EDUCACIÓN MUSICAL				
BLOQUE 4. ESCOITA				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1 Audición de música contemporánea, investigación e valoración das posibilidades do son. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1 Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades de o son de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.1.1 Identifica, clasifica e describe utilizando un vocabulario preciso as calidades dos sons da contorna natural e social. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3 Identificación e apreciación de formas musicais sinxelas. ▪ B1.4 Identificación a través da escoita de tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade. ▪ B1.5 Valoración e interese pola música de diferentes épocas e culturas especialmente a galega. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.2.1 Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais, sendo capaz de emitir unha valoración das mesmas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.2.2 Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízalas como marco de referencia para as creacións propias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ a ▪ d 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6 Audición activa e comentada de música variada da nosa cultura e outras. ▪ B1.7 Actitude atenta, silenciosa e respectuosa durante a audición de música e/ou na asistencia a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Coñecer exemplos de obras variadas da nosa cultura e outras para valorar o patrimonio musical coñecendo a importancia do seu 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.3.1 Coñece, entende e observa as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC



	<p>diferentes representacións musicais.</p> <ul style="list-style-type: none"> B1.8 Indagación sobre as normas que regulan a propiedade intelectual. Valoración e presentación dos resultados. 	<p>mantemento e difusión aprendendo o respecto co que deben afrontar as audicións e representacións.</p>	<ul style="list-style-type: none"> EMB1.3.2 Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual en canto á reprodución e copia de obras musicais. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCEC
BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL				
<ul style="list-style-type: none"> j e k 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1 Exploración das posibilidades sonoras e expresivas da voz. B2.2 Identificación de diferentes rexistros da voz: soprano, contralto, tenor e baixo. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Entender a voz como instrumento e recurso expresivo, partindo da canción e das súas posibilidades para interpretar, crear e improvisar. 	<ul style="list-style-type: none"> EMB2.1.1 Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas e as recrea. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CCL
<ul style="list-style-type: none"> j b d /a 	<ul style="list-style-type: none"> B2.3 Interpretación, memorización e improvisación guiada de cancións a unha ou varias voces desenvolvendo progresivamente a dicción, a afinación e a técnica vocal. Canon. B2.4 Recoñecemento de distintos tipos de instrumentos acústicos e electrónicos, agrupacións instrumentais e vocais e rexistros da voz. B2.5 Utilización das graffas convencionais na lectura, escritura e interpretación das 	<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Interpretar só ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando, tanto as achegas dos demais como á persoa que asume a dirección. 	<ul style="list-style-type: none"> EMB2.2.1 Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz e agrupacións vocais e instrumentais. EMB2.2.2 Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras. EMB2.2.3 Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos. EMB2.2.4 Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos con e sen acompañamento EMB2.2.5 Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos, valorando a súa achega a o 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA CCEC CCEC CAA CCEC



	<p>cancións e de pezas instrumentais sinxelas.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6 Gravación e rexistro das interpretacións para unha valoración e análise posterior. ▪ B2.7 Interese pola mellora do proceso de interpretación e do resultado final. ▪ B2.8 Traballo cooperativo, asumindo as responsabilidades que lle correspondan e respectando as achegas das demais persoas do grupo 		<p>enriquecemento persoal, social e cultural.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.6 Amosa respecto polo traballo dos demais e responsabilidade no traballo individual e colectivo ▪ EMB2.2.7 Analiza as interpretacións feitas, reconece erros e amosa interese por traballar para corrixilos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9 Creación de mensaxes musicais con contido expresivo combinando elementos sonoros e corporais diversos. ▪ B2.10 Utilización dos medios de comunicación e da internet para a busca de información, en soporte papel e dixital, sobre instrumentos, compositores, intérpretes e eventos musicais de interese. ▪ B2.12 Utilización dos medios audiovisuais e dos recursos informáticos para a sonorización de imaxes, contos, poesías refráns, dobraxe de películas... e para a creación de producións propias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.3.1 Busca información bibliográfica, en medios de comunicación ou en Internet información sobre instrumentos, compositores, intérpretes e eventos musicais. ▪ EMB2.3.2 Presenta e expón a información de xeito claro, ordenado e limpo en varios soportes ▪ EMB2.3.3 Utiliza os medios audiovisuais e recursos informáticos para crear pezas musicais e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CAA ▪ CD ▪ CCL ▪ CD ▪ CCEC



CIENCIAS SOCIAIS				
BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1 Noso patrimonio histórico e cultural. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas da vida humana no pasado, valorando 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB4.4.1. Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CAA
VALORES SOCIAIS E CÍVICOS				
BLOQUE 4. A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS				
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. A interdependencia e a cooperación. A interdependencia positiva e a participación equitativa. As condutas solidarias. A aceptación incondicional do outro. A resolución de problemas en colaboración. Compensación de carencias dos e das demais. A disposición de apertura cara ao outro, o compartir puntos de vista e sentimentos. ▪ B3.4. Estructuras e técnicas da aprendizaxe cooperativa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.2.1. Aмосa boa disposición para ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.2.2. Recorre ás estratexias de axuda entre iguais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.2.3. Respecta as regras durante o traballo en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
LINGUA GALEGA E LITERATURA				
▪ BLOQUE 2. COMUNICACIÓN EXCRITA: LER				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. escoita, memorización e re-produción de textos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.1.1. escoita, memoriza e reproduce textos proceden-tes da literatura popular 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA



<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ o 	<p>procedentes da literatura popular oral galega (refrans, adivinas, lendas, contos, poemas, conxuros, cancins, ditos, romances, cantigas) e da literatura galega en xeral.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Valoracin e aprecio do texto literario galego (oral ou non) como vehculo de comunicacin, fonte de conecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal. 	<p>procedentes da literatura popular galega e da literatura galega en xeral.</p>	<p>oral galega (refrns, adivinas, lendas, contos, poemas, conxuros, cancins, ditos, romances, cantigas) e da literatura galega en xeral.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.1.2. Valora os textos da literatura galega (oral ou non) como fonte de conecemento da nosa cultura e co-mo recurso de gozo persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CCEC
--	--	--	---	---



3. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Compreensión lectora	Expresión oral e escrita	TIC	Educación cívica e constitucional	Inclusión de persoas con discapacidade	Igualdade efectiva entre homes e mulleres	Desenvolvemento sostible e medio ambiente	Resolución de conflitos	Educación e seguridade viaria	Creatividade	Autonomía	Iniciativa	Traballo en equipo	Confianza en un mesmo	Sentido crítico	Educación para o lecer	Educación do consumidor
X	X	X		X	X				X	X	X	X	X	X	X	X

Tarefa. Cantar e/ou tocar unha peza folk sobre apoio dos ODE do curso.

1ª Sesión

Actividade ¹	Exercicio	Observacións
AIM. escoitar versións da peza <i>O son do ar</i> .	<p>Recoñecer os instrumentos e agrupacións empregadas.</p> <p>Sinalar a forma propia da peza, en dúas partes.</p> <p>Marcar pulso e acento con PC, comprobando o ternario; primeiro en dous grupos e, despois, cos pés o</p>	<p>https://open.spotify.com/track/277qgiZBCY0d24qIb0Er5C?si=m7kc1sjXQ5CSLyB2vQZ3Kg</p> <p>https://open.spotify.com/track/7D3qHr6BZxWmiOJqenjA7F?si=uQQhyU-XTTiHG4ORZ9yuTw</p> <p>https://open.spotify.com/track/1ZQfrE6kD2mdbHXElmu9I7?si=S_I9YAWVQU2Stk_DB0lnEQ</p> <p>Observar que nas repeticións da segunda sección existe un</p>

¹ AIM (Actividades de introdución-motivación). ACP (Actividades de coñecementos previos). AD (Actividades de desenvolvemento). AC (Actividades de consolidación). AR (Actividades de repaso). ARF (Actividades de reforzo). AAV (Actividades de avaliación). AA (actividades de ampliación).



	acento e coas mans sobre xeonllos o pulso.	acompañamento heterofónico. Poden practicar outras combinacións de PC.
AD. Realizar as audicións comparadas da obra do grupo folk Luar na lubre.	Apuntar nunha folla as diversas instrumentacións. Recoñecer instrumentos diferentes nelas (acordeón, órgano, por exemplo).	Numerando as audicións na orde en que se van a realizar, escribir nunha táboa preparada a tal efecto polo profesorado para cada discente, as particularidades de cada unha (soltos ou por agrupamentos -Grupo de interese-). Recoller na táboa número de audición (columnas)/ritmo, melodía, harmonía, textura, forma, orquestración (filas).
AD. escoitar a versión de Mike Oldfield en <i>Voyager</i> , titulada <i>The song of the sun</i> .	Nunha primeira audición, distribuídos por parellas (grupos heterogéneos), apuntar as diferenzas coa xa escoitada orixinal de Bieito Romero (Luar na lubre), atendendo aos mesmos parámetros establecidos para as audicións comparadas realizados para este grupo. Escuchar separadamente por seccións. Tararear a primeira parte sobre pedal de fundamental.	https://open.spotify.com/track/602QT8hTuTVA4aSQWR13LB?si=LpK2YdjfScq2Pwb42nndfA Incidir en que a melodía é a mesma en dúas partes, pero a que antes era a segunda, é agora a terceira, posto que o orixinal : AB : agora é ABAC Interludio 1º (guitarra eléctrica) AB Interludio 2º (guitarra eléctrica) A Coda A primeira sección é a mesma, pero a segunda de <i>O son do ar</i> corresponde á terceira de <i>The son of the sun</i> . Aínda que partimos da peza de Luar na lubre, será a versión de Mike Oldfield (pertencente ao seu traballo <i>Voyager</i>) a que montaremos, con vistas a demostrar o papel da música galega no panorama internacional.
AD. Aprender a parte de frauta das seccións A e B desta última versión empregando a partitura e con apoio dos ODE do curso.	Ler a partitura conxuntamente, de xeito que todo o alumnado aprende e melodía coas frautas independentemente do que interprete logo na orquestra escolar.	Incidir na alternancia de si natural e bemol segundo a sección, xa que resulta fundamental polo traballo da sonoridade dórica e eólica (de feito, algúns instrumentos da orquestra escolar estarán preparados con si natural e, outros, co si bemol, mentres que as frautas alternan ambas posicións segundo a sección que toquen).
AC. Tocar todos xuntos esas dúas		



seccións separadamente.		
AA. Buscar información sobre esta peza, buscando en Spotify, Youtube, Internet, etc.		<p>Tutoriais para tocar a fruta:</p> <p>https://www.youtube.com/watch?v=KEcDrmBO318</p> <p>https://www.youtube.com/watch?v=RNMT0946xDw</p> <p>Versións doutros grupos:</p> <p>https://www.youtube.com/watch?v=FBLC9-P1dUw</p> <p>https://www.youtube.com/watch?v=MF_l7_70C8</p> <p>https://www.youtube.com/watch?v=UCjTN5LmRTg</p> <p>Información sobre o grupo:</p> <p>https://es.wikipedia.org/wiki/Luar_na_Lubre</p> <p>http://www.luarnalubre.com/</p>

2ª Sesión		
Actividade	Exercicio	Observacións
AC. Tocar coas frutas a sección A e B.		Facelo primeiro separadamente e logo unindo ambas, atendendo á entrada que dea o profesorado (atención á anacruse).
AD. Aprender a versión instrumental co grupo escolar por partes e con apoio dos ODE do curso.	<p>Ler a partitura de cada instrumento conxuntamente, de xeito que todo o alumnado aprende e practica a totalidade das partes.</p> <p>Separar as seccións relacionándoas co timbre.</p>	Atención á diversidade: a parte de fruta da terceira sección só a interpretarán discentes avanzados (con facilidade musical ou que estudan en conservatorio, academia ou escola de música). Procurarase que, nesta mesma sección, interveña un gaitero (se le en do, pode tocar o escrito tal e como está; se, polo contrario, faino en re, debe comezar polo si e non polo la, é dicir, débémolle transportar un ton alto o que interpreta). Caso de non dispor de gaita, podemos substituíla por calquera outro



		instrumento (coidado de adaptar á altura en caso de seren transpositores).
AD. Montar a peza completa	<p>Tocar de memoria ou con mínimo apoio da partitura.</p> <p>Escoller as frautas que tocarán o acompañamento heterofónico da terceira sección (C) de <i>The song of the sun</i> (segunda de <i>O son do ar</i>).</p>	

3ª e 4ª Sesión		
AD. Aprender a versión instrumental co grupo escolar por partes e con apoio dos ODE do curso.	Ler a partitura de cada instrumento conxuntamente, de xeito que todo o alumnado aprende e practica a totalidade das partes. Separar as seccións relacionándoas co timbre.	Atención á diversidade: a parte de frauta da terceira sección só a interpretarán discentes avanzados (con facilidade musical ou que estudan en conservatorio, academia ou escola de música). Procurarase que, nesta mesma sección, interveña un gaitero (se le en do, pode tocar o escrito tal e como está; se, polo contrario, faino en re, debe comezar polo si e non polo la, é dicir, débemoslle transportar un ton alto o que interpreta). Caso de non dispor de gaita, podemos substituíla por calquera outro instrumento (coidado de adaptar á altura en caso de seren transpositores).
AAV. Gravar a interpretación para subila ao <i>blog</i> do centro en relación ao proxecto traballado.		

Tarefa. Cantar unha balada galega.		
5ª Sesión		
Actividade	Exercicio	Observacións
ACP. Falar entre todos dos poetas do Rexurdimento, os músicos que coñezan, etc.	Respectar a quenda de intervencións. Empregar argumentos e vocabulario axeitado.	Se fora preciso poderíamos subir previamente ao <i>blog</i> do centro información sobre os autores a tratar, Xoán Montes e Rosalía de Castro, con vistas á consulta por parte do alumnado.
AD. Coa letra proxectada, copiada no encerado ou en papel para cada discente, escoitar versións gravadas da peza.	Identificar a rima e a métrica. Recoñecer a estrutura do texto. Atender ao significado do poema.	https://open.spotify.com/track/0sl4RVaGLMOt2hsjrtm1Ww?si=lDIP3SqAQfWGFN4X5gNazw
AD. Intentar cantar a canción lendo directamente a letra.	Colocar a voz correctamente.	É factible empregar os ODE do curso, sexa a versión coa melodía na frauta ou ben só co acompañamento do piano. Mesmo, se



		fora posible, o profesorado coñecedor deste instrumento podería tocala sen demasiado problema.
AD. Tocar a melodía na fruta sobre o acompañamento ODE do curso.	<p>Practicar a dixitación de si bemol e sol#.</p> <p>Distinguir auditivamente a escala eólica, harmónica e melódica ascendente sobre fundamental la.</p>	<p>A idea é ampliar o coñecemento do alumnado sobre a Balada Galega, continuando o coñecemento sobre Xoán Montes, tomando a súa máis fermosa e coñecida obra: <i>Negra Sombra</i>.</p> <p>Atención á diversidade: considerar a posibilidade de incluír a diferenciación auditiva da escala dórica xunto as outras para o alumnado máis avanzado.</p>
AD. Cantar a canción con letra sobre o acompañamento dos ODE do curso.	Realizar diversos exercicios de técnica vocal previamente á interpretación.	Coidar a afinación e a impostación, así como as indicacións da dirección (matices dinámicos e expresión).
AD. Realizar as audicións comparadas, pertencentes a diversos ámbitos musicais.	Sinalar as diferenzas entre versións e respecto da orixinal. Pódese facer en grupos homoxéneos (tres) ou de interese (segundo gustos musicais). É factible empregar a táboa antedita.	<p>Folk:</p> <p>https://open.spotify.com/track/4MMDOYZjI4bTmDH0kbJyQ4?si=Lu_hS41YSxau78hiYXG8Rw</p> <p>Cantautor:</p> <p>https://open.spotify.com/track/2VegyBqqYFLEx3u8AzuRY7?si=-uGVi2aEQp--2SqVIPXF7w</p> <p>Orquestral:</p> <p>https://open.spotify.com/track/62sTB880Hrz7AeRZOEiLLQ?si=aB5m4GTYRue3j7DNeHFR5g</p> <p>Piano:</p> <p>https://open.spotify.com/track/46K0ZMHpusJPXIalEKH6vE?si=ZEsQ3GWPRKmLOoVPGL4HEw</p> <p>Coral:</p> <p>https://open.spotify.com/track/0BzSqxp0EXxVCkBmNWQ6R6?si=hRQewTkUTAyXD473rzpObQ</p>



		<p>Orquestral/Coral: https://www.youtube.com/watch?v=mSWT8n6ytKo</p> <p>Rock: https://open.spotify.com/track/3xJgI9ZFuXJ7Qz1kEB9kHJ?si=om_vjC8ZT52ccSNX-mwGiA</p> <p>Melódico: https://www.youtube.com/watch?v=RoEveEEKGII</p> <p>Jazz: https://www.youtube.com/watch?v=Jw8lFmLx7Uk</p> <p>Cuarteto de corda: https://www.youtube.com/watch?v=OdatUCCNQOk</p> <p>Banda de música/Coral: https://www.youtube.com/watch?v=YqGEmF_WlRlU</p> <p>Atención á diversidade. Discapacidade auditiva: https://www.youtube.com/watch?v=LhaRQesFXd8 https://www.youtube.com/watch?v=hhQT3pJHcw8</p>
--	--	--

6ª Sesión		
AC. Tocar a melodía na frauta sobre o acompañamento ODE do curso.	<p>Practicar a dixitación de si bemol e sol#.</p> <p>Distinguir auditivamente a escala eólica, harmónica e melódica ascendente sobre fundamental la.</p>	<p>A idea é ampliar o coñecemento do alumnado sobre a Balada Galega, continuando o coñecemento sobre Xoán Montes, tomando a súa máis fermosa e coñecida obra: <i>Negra Sombra</i>.</p> <p>Atención á diversidade: considerar a posibilidade de incluír a diferenciación auditiva da escala dórica xunto as outras para o alumnado máis avanzado.</p>



AC. Cantar a canción con letra sobre o acompañamento dos ODE do curso.	Realizar diversos exercicios de técnica vocal previamente á interpretación.	Coidar a afinación e a impostación, así como as indicacións da dirección (matices dinámicos e expresión).
--	---	---

4. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA

ACTIVIDADES	MODELO DE PENSAMENTO ⁵	MODELO ENSINO-APRENDIZAXE ⁴	INTELIXENCIAS MÚLTIPLES ³	AGRUPAMENTO ²	RECURSOS DIDÁCTICOS	TMP.
AIM. escoitar versións da peza <i>O son do ar</i> .	Reflexivo. Percepción.	Cognitivo-construtivo.	Musical.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Spotify.	5'
AD. Realizar as audicións comparadas da obra do grupo folk Luar na Lubre.	Reflexivo. Memoria.	Lingüístico.	Lingüístico-verbal.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Spotify.	10'
AD. escoitar a versión de Mike Oldfield en <i>Voyager</i> , titulada <i>The song of the sun</i> .	Reflexivo. Percepción.	Cognitivo-construtivo.	Musical.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Spotify.	5'

² Grupo clase; individual; grupos. // Afíns; heteroxéneos; grupos de interese; titoría entre pares; mentores.

³ Intelixencia lingüístico-verbal. Intelixencia lóxica-matemática. Intelixencia espacial. Intelixencia musical. Intelixencia corporal cenestésica. Intelixencia intrapersoal. Intelixencia interpersoal. Intelixencia naturalista.

⁴ Condutual-instrutivo. Cognitivo-construtivo. Social-cooperativo. Persoal-individual. Lingüístico. Proxectivo.

⁵ Percepción. Memoria. Comprensión. Aplicación. Análise. Investigación. Síntese. Avaliación. // Reflexivo. Analítico. Lóxico. Crítico. Sistémico. Analóxico. Creativo. Deliberativo. Práctico.



AD. Aprender a parte de fruta das seccións A e B desta última versión empregando a partitura e con apoio dos ODE do curso.	Práctico. Aplicación. Memoria.	Cognitivo-construtivo. Social-cooperativo.	Musical. Interpersoal. Corporal cenestésica.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Partituras. Música mp3.	10'
AC. Tocar todos xuntos esas dúas seccións separadamente.	Práctico. Aplicación. Memoria.	Cognitivo-construtivo. Social-cooperativo.	Musical. Interpersoal. Corporal cenestésica.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Partituras. Música mp3.	15'
AA. Buscar información sobre esta peza, en Spotify, Youtube, Internet, etc.	Analítico. Sistémico. Investigación. Análise.	Cognitivo-construtivo. Social-cooperativo. Lingüístico. Proxectivo.	Lingüístico-verbal. Musical. Interpersoal	Grupos. Grupo de interese.	Materiais de recollida e fichado. Lecturas guiadas.	-
AC. Tocar coas frutas a sección A e B.	Práctico. Aplicación. Memoria.	Cognitivo-construtivo. Social-cooperativo.	Musical. Interpersoal. Corporal cenestésica.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Partituras. Música mp3.	10'
AD. Aprender a versión instrumental co grupo escolar por partes e con apoio dos ODE do curso.	Práctico. Aplicación. Memoria.	Cognitivo-construtivo. Social-cooperativo.	Musical. Interpersoal. Corporal cenestésica.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Partituras. Música mp3.	10'
AD. Montar a peza	Práctico.	Cognitivo-construtivo.	Musical.	Grupo clase.	Partituras.	25'



completa.	Aplicación. Memoria.	Social-cooperativo.	Interpersoal. Corporal cenestésica.	Heteroxéneo.	Música mp3.	
AD. Aprender a versión instrumental co grupo escolar por partes e con apoio dos ODE do curso.	Práctico. Aplicación. Memoria.	Cognitivo-construtivo. Social-cooperativo.	Musical. Interpersoal. Corporal cenestésica.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Partituras. Música mp3.	25'
AAV. Gravar a interpretación para subila ao <i>blog</i> do centro en relación ao proxecto traballado.	Práctico. Aplicación. Memoria.	Proxectivo.	Musical. Interpersoal.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Partituras. Música mp3. Vídeo.	20'
AD. Aprender a versión instrumental co grupo escolar por partes e con apoio dos ODE do curso.	Práctico. Aplicación. Memoria.	Cognitivo-construtivo. Social-cooperativo.	Musical. Interpersoal. Corporal cenestésica.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Partituras. Música mp3.	25'
AAV. Gravar a interpretación para subila ao <i>blog</i> do centro en relación ao proxecto traballado.	Práctico. Aplicación. Memoria.	Proxectivo.	Musical. Interpersoal.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Partituras. Música mp3. Vídeo.	20'
ACP. Falar entre todos dos poetas do Rexurdimento, os músicos que coñezan,	Analítico. Investigación.	Cognitivo-construtivo. Persoal-individual. Social-cooperativo.	Lingüístico-verbal. Musical. Interpersoal.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Actividade de discusión.	10'



etc.	Síntese.	Lingüístico.				
AD. Coa letra proxectada, copiada no encerado ou en papel para cada discente, escoitar versións gravadas da peza.	Reflexivo. Percepción.	Lingüístico.	Lingüístico-verbal. Musical.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Spotify.	10'
AD. Intentar cantar a canción lendo directamente a letra.	Práctico. Aplicación. Memoria.	Cognitivo-construtivo. Lingüístico-verbal.	Lingüístico-verbal. Musical. Interpersoal.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Partituras.	5'
AD. Tocar a melodía na fruta sobre o acompañamento dos ODE do curso.	Práctico. Aplicación. Memoria.	Cognitivo-construtivo. Social-cooperativo.	Musical. Interpersoal. Corporal cenestésica.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Partituras. Música mp3.	5'
AD. Cantar a canción con letra sobre o acompañamento dos ODE do curso	Práctico. Aplicación. Memoria.	Cognitivo-construtivo. Social-cooperativo.	Lingüístico-verbal. Musical. Interpersoal.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Partituras. Música mp3.	5'
AD. Realizar as audicións comparadas, pertencentes a diversos ámbitos musicais.	Reflexivo. Memoria.	Lingüístico.	Lingüístico-verbal.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Spotify.	10'
AD. Tocar a melodía na fruta sobre o	Práctico.	Cognitivo-construtivo. Social-cooperativo.	Musical. Interpersoal.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Partituras. Música mp3.	20'



acompañamiento dos ODE do curso.	Aplicación. Memoria.		Corporal cenestésica.			
AD. Cantar a canción con letra sobre o acompañamiento dos ODE do curso	Práctico. Aplicación. Memoria.	Cognitivo-construtivo. Social-cooperativo.	Lingüístico-verbal. Musical. Interpersoal.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Partituras. Música mp3.	25'



5. AVALIACIÓN				
5. Instrumento de avaliación	4. Competencias	3. Aspectos a observar para a avaliación	2. Estándares de aprendizaxe	1. Criterio de avaliación
Debate. Rexistro do profesorado. Rúbricas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	Vocabulario técnico axeitado. Argumentos coherentes.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.1.1 Identifica, clasifica e describe utilizando un vocabulario preciso as calidades dos sons da contorna natural e social. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1 Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades de o son de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias.
Debate. Rexistro do profesorado. Rúbricas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CCL 	Vocabulario técnico axeitado. Achegas durante a sesión. Argumentos coherentes.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.2.1 Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais, sendo capaz de emitir unha valoración das mesmas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.
Rexistro do profesorado. Rúbricas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC 	Vocabulario técnico axeitado. Achegas durante a sesión.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.2.2 Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízalas como marco de referencia para as creacións propias. 	
Rexistro do profesorado. Rúbricas. Método de casos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC 	Vocabulario técnico axeitado. Actitude.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.3.1 Coñece, entende e observa as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Coñecer exemplos de obras variadas da nosa cultura e outras para



Rexistro do profesorado. Rúbricas. Portafolio.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC 	Vocabulario técnico axeitado. Achegas durante a sesión.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.3.2 Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual en canto á reprodución e copia de obras musicais. 	valorar o patrimonio musical coñecendo a importancia do seu mantemento e difusión aprendendo o respecto co que deben afrontar as audicións e representacións.
Rexistro do profesorado. Rúbricas. Portafolio.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL 	Vocabulario técnico axeitado. Respecto ás figuras, alturas e indicacións. Impostación e afinación.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.1.1 Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas e as recrea 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Entender a voz como instrumento e recurso expresivo, partindo da canción e das súas posibilidades para interpretar, crear e improvisar.
Rexistro do profesorado. Rúbricas. Portafolio	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA 	Vocabulario técnico axeitado.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.1 Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz e agrupacións vocais e instrumentais. 	B2.2. Interpretar só ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando, tanto as achegas dos
Proxectos. Rexistro do profesorado. Rúbricas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC 	Vocabulario técnico axeitado. Respecto ás figuras, alturas e indicacións.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.2 Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras. 	
Rexistro do profesorado. Rúbricas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC 	Precisión rítmica. Aproximación interválica e melódica.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.3 Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos. 	

Proxectos. Rexistro do profesorado. Rúbricas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC 	Asunción do seu rol no grupo. Respecto ás entradas e intervencións dos demais. Interese por mellorar o resultado obtido.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.4 Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos con e sen acompañamento 	demais como á persoa que asume a dirección.
Rexistro do profesorado. Rúbricas. Portafolio	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC 	Asunción do seu rol no grupo. Respecto ás entradas e intervencións dos demais. Interese por mellorar o resultado obtido.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.5 Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos, valorando a súa achega a o enriquecemento persoal, social e cultural. 	
Método de casos. Rúbricas. Portafolio	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC 	Asunción do seu rol no grupo. Respecto ás entradas e intervencións dos demais. Interese por mellorar o resultado obtido.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.6 Aмосa respecto polo traballo dos demais e responsabilidade no traballo individual e colectivo 	
Método de casos. Proxectos. Debate. Rexistro do profesorado. Rúbricas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA 	Vocabulario técnico axeitado. Interese por mellorar o resultado obtido. Actitude construtiva. Concreción nas apreciacións.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.7 Analiza as interpretacións feitas, recoñece erros e amosa interese por traballar para corrixilos 	
Rexistro do profesorado. Portafolio.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD 	Criterios de busca. Emprego axeitado de <i>software</i>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.3.1 Busca información bibliográfica, en medios de comunicación ou en Internet 	



Rúbricas.		<i>e hardware.</i>	información sobre instrumentos, compositores, intérpretes e eventos musicais.	e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.
Portafolio. Rúbricas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CCL 	Vocabulario técnico axeitado. Emprego axeitado de <i>software</i> e <i>hardware.</i>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.3.2 Presenta e expón a información de xeito claro, ordenado e limpo en varios soportes 	
Rexistro do profesorado. Rúbricas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCEC 	Emprego axeitado de <i>software</i> e <i>hardware.</i>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.3.3 Utiliza os medios audiovisuais e recursos informáticos para crear pezas musicais e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas. 	



6. RÚBRICA						
4. Comp. clave	3. Indicadores				2. Estándares de aprendizaxe	1. Criterio de avaliación
	D	C (mínimo)	B	A		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	Expresa apreciacións sobre o feito artístico musical de Galicia, sen xustificalas de xeito convincente.	Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical de Galicia e as xustifica convincentemente.	Expresa, empregando unha linguaxe técnica aproximada, as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical de Galicia.	Expresa, empregando unha linguaxe técnica precisa, as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical de Galicia.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.1.1. Identifica, clasifica e describe utilizando un vocabulario preciso as calidades dos sons da contorna natural e social. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son de maneira que sirvan como marco de referencia para as creacións propias.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CCL 	Distingue algunhas voces e/ou instrumentos, así como particularidades do escoitado, de forma xeral e imprecisa.	Distingue tipos de voces, instrumentos e variacións dinámicas e agónicas, e valora o escoitado.	Distingue tipos de voces, instrumentos e variacións dinámicas e agónicas, colocándoas de xeito aproximado, e valora o escoitado cun vocabulario aproximado.	Distingue tipos de voces, instrumentos e variacións dinámicas e agónicas, colocándoas exactamente e valora o escoitado xustificando o porqué de xeito coherente e razoado.	EMB1.2.1 Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais, sendo capaz de emitir unha valoración das mesmas.	B1.2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC 	<p>Mostra certo interese por ampliar e diversificar os seus gustos e preferencias musicais.</p>	<p>Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízalas como marco de referencia para as creacións propias.</p>	<p>Mostra unha actitude aberta ante a escoita e procura de novas músicas e as incorpora ás súas preferencias musicais.</p>	<p>Mostra interese por ampliar e diversificar as súas preferencias musicais e as adopta nas creacións e interpretacións tanto coa voz como coa frauta.</p>	<p>EMB1.2.2</p> <p>Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízalas como marco de referencia para as creacións propias.</p>	
---	---	--	--	--	--	--

<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC 	Coñece, pero non observa, as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.	Coñece, entende e observa as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.	Coñece, entende e observa as normas de comportamento en audicións e representacións musicais, e intenta transmitilas aos demais.	Coñece, entende e observa as normas de comportamento en audicións e representacións musicais, e vixía polo seu cumprimento no resto do grupo.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.3.1 Coñece, entende e observa as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. 	B1.3. Coñecer exemplos de obras variadas da nosa cultura e outras para valorar o patrimonio musical coñecendo a importancia do seu mantemento e difusión aprendendo o respecto co que deben afrontar as audicións e representacións.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC 	Comprende, pero non respecta, as normas que regulan a propiedade intelectual en canto á reprodución e copia de obras musicais.	Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual en canto á reprodución e copia de obras musicais.	Comprende, acepta e respecta as normas que regulan a propiedade intelectual en canto á reprodución e copia de obras musicais, e razoa sobre a importancia das industrias culturais e o papel do creador.	Comprende, acepta e respecta as normas que regulan a propiedade intelectual en canto á reprodución e copia de obras musicais, e razoa sobre a importancia das industrias culturais e o papel do creador, estendendo estas premisas á súa contorna.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.3.2 Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual en canto á reprodución e copia de obras musicais. 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL 	Recoñece e describe as calidades da voz a	Recoñece e describe as calidades da voz a	Recoñece e describe as calidades da voz a	Recoñece e describe as calidades da voz a	EMB2.1.1 Recoñece e describe as calidades da voz a	B2.1. Entender a voz como instrumento e



	través de audicións diversas e intenta recrealas dun xeito aproximado.	través de audicións diversas e as recrea.	través de audicións diversas e as recrea cunha impostación aproximada e afinación non do todo precisa.	través de audicións diversas e as recrea cunha impostación axeitada e afinación precisa.	través de audicións diversas e as recrea.	recurso expresivo, partindo da canción e das súas posibilidades para interpretar, crear e improvisar.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA 	Recoñece e clasifica algúns instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz e as agrupacións vocais e instrumentais máis usuais.	Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz e agrupacións vocais e instrumentais.	Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz e agrupacións vocais e instrumentais, así como vocais/instrumentais, diversas.	Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz e agrupacións vocais e instrumentais, así como vocais/instrumentais, diversas, nomeándoas con precisión.	EMB2.2.1 Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz e agrupacións vocais e instrumentais.	B2.2. Interpretar só ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e

<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC 	Recoñece os elementos básicos da linguaxe musical presentes nas partituras das pezas e os reproduce grupalmente de xeito aproximado.	Interpreta con partitura en grupo, apoiándose co oído e respectando o tempo absolutamente, vocal e instrumentalmente.	Recoñece e interpreta con partitura en pequeno grupo instrumental e/ou vocal, respectando tempo, matices e indicacións de expresión.	Interpreta instrumentalmente a só sobre partitura os elementos coñecidos da linguaxe musical, e de xeito aproximado se o fai cantando.	EMB2.2.2 Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC 	Transcribe figuras e esquemas sen sínkopas nos compases coñecidos.	Transcribe esquemas rítmicos sinxelos empregando as figuras coñecidas en compases simples.	Transcribe ritmos coas figuras coñecidas en compases simples e intervalos consonantes.	Transcribe ritmos coas figuras coñecidas en compases simples e, de xeito aproximado, nos compostos, así como movementos melódicos nos motivos traballados.	EMB2.2.3 Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC 	Participa con interese na interpretación vocal e/ou instrumental de conxunto. Canta con letra nunha afinación	Interpreta o seu papel na interpretación instrumental colectiva, con certa precisión técnica e sen erros que impliquen a súa perda do resto do	Asume o rol que lle corresponde na interpretación colectiva, asume a técnica precisa, entra no lugar que lle corresponde e non se perde durante a	Interpreta a súa parte vixiando planos sonoros, entradas, equilibrio global e expresión e se preocupa polo resultado global. Emite a voz con certa impostación,	EMB2.2.4 Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos con e sen



	aproximada.	grupo. Mantén a afinación ao principio e final da peza e respira nos lugares indicados.	execución. Afina durante a execución vocal e respira respectando o fraseo, aplicando unha técnica vocal axeitada.	mantén a afinación, respecta a afinación, equilibra os planos sonoros e expresa máis aló da música.	acompañamento	
--	-------------	--	--	---	---------------	--

<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC 	Participa con interese na interpretación vocal de conxunto.	Interpreta o seu papel na interpretación vocal colectiva, con certa precisión técnica e sen erros que impliquen a súa perda do resto do grupo.	Asume o rol que lle corresponde na interpretación colectiva, asume a técnica precisa, entra no lugar que lle corresponde e non se perde durante a execución.	Interpreta a súa parte vixiando planos sonoros, entradas, equilibrio global e expresión e se preocupa polo resultado global.	EMB2.2.5 Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos, valorando a súa achega a o enriquecemento persoal, social e cultural.
	Canta con letra nunha afinación aproximada.	Mantén a afinación ao principio e final da peza e respira nos lugares indicados.	Afina durante a execución vocal e respira respectando o fraseo, aplicando unha técnica vocal axeitada.	Emite a voz con certa impostación, mantén a afinación, respecta a afinación, equilibra os planos sonoros e expresa máis aló da música.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC 	Amosa algún respecto polo traballo dos demais e certa responsabilidade no traballo individual e colectivo.	Amosa respecto polo traballo dos demais e responsabilidade no traballo individual e colectivo.	Amosa moito respecto polo traballo dos demais e asume con responsabilidade o traballo individual e colectivo.	Amosa moito respecto polo traballo dos demais e asume con responsabilidade o traballo individual e colectivo, transmitindo bo ambiente aos compañeiros no	EMB2.2.6 Amosa respecto polo traballo dos demais e responsabilidade no traballo individual e colectivo.



				traballo grupal.		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ 	<p>Aprécia a existencia de aspectos mellorables, pero non os sitúa na interpretación de xeito preciso.</p>	<p>Sinala os erros cometidos de xeito aproximado.</p>	<p>Sinala o mellorable da interpretación e pon da súa parte para a corrección.</p>	<p>Sinala os erros cometidos empregando unha linguaxe técnica precisa, sendo quen da súa corrección.</p>	<p>EMB2.2.7 Analiza as interpretacións feitas, reconece erros e amosa interese por traballar para corrixilos</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD 	<p>Busca información sobre algunhas cuestións traballadas na aula.</p>	<p>Busca información bibliográfica, en medios de comunicación ou en Internet información sobre instrumentos, compositores, intérpretes e eventos musicais.</p>	<p>Busca información, empregando diversas fontes ao seu alcance, sobre instrumentos, compositores, intérpretes e eventos musicais.</p>	<p>Busca información, empregando diversas fontes coñecidas e explorando outras novas, sobre instrumentos, compositores, intérpretes e eventos musicais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.3.1 Busca información bibliográfica, en medios de comunicación ou en Internet información sobre instrumentos, compositores, intérpretes e eventos musicais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.3.1 Busca información bibliográfica, en medios de comunicación ou en Internet información sobre instrumentos, compositores, intérpretes e eventos musicais.



<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CCL 		Presenta e expón a información de xeito claro, ordenado e limpo en varios soportes			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.3.2 Presenta e expón a información de xeito claro, ordenado e limpo en varios soportes 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCEC 	Utiliza basicamente medios audiovisuais e recursos informáticos para crear pezas musicais.	Utiliza os medios audiovisuais e recursos informáticos para crear pezas musicais e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.	Utiliza os medios audiovisuais e recursos informáticos para crear e ilustrar pezas musicais e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.	Utiliza medios audiovisuais e informáticos para crear e ilustrar pezas musicais, así como para a sonorización de imaxes, cancións e representacións dramáticas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.3.3 Utiliza os medios audiovisuais e recursos informáticos para crear pezas musicais e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas. 	

7. PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS E COMUNIDADE ESCOLAR

Participación das familias

Divulgación social da tarefa

Colaboración de recursos externos e comunidade escolar



<p>Resposta ás cuestións que poidan xurdir ao respecto sobre as correntes musicais tratadas e as Letras Galegas.</p> <p>Audición de pezas pertencentes aos repertorios traballados, considerando a idade dos proxenitores ou titores legais.</p> <p>Control familiar nas procuras guiadas pola rede.</p>	<p>Gravación en audio, vídeo ou soporte informático das interpretacións das obras traballadas; subida ao <i>blog</i> da clase, web do centro ou en arquivo individualizado para o alumnado.</p>	<p>Simultaneidade da unidade coas áreas implicadas.</p>
--	---	---

